

**A** celebración das primeiras Xornadas sobre Conservación en Castros Galegos supuxo un éxito de participación e unha evidente constatación do interese por este tema no ámbito do Patrimonio Cultural. Nesta segunda edición propoñemos o mesmo enfoque de análise e reflexión sobre a conservación de castros, ampliando a área xeográfica a castros de Asturias, Portugal e León, ademais de Galicia.

Trátase de abranguer castros do noroeste peninsular con variadas localizacións, diferentes problemáticas para a súa preservación e diversas solucións cara á conservación e disposición pública. Deste xeito trataremos de partillar e ampliar os coñecementos a través da presentación e posterior discusión de experiencias moi diversas.

Con estas segundas xornadas preténdese consolidar un espazo de encontro continuado entre profesionais deste eido, onde presentar novas propostas e avaliar os resultados das intervencións. Sen esquecer outras disciplinas como a museoloxía, a didáctica, a comunicación, a difusión, o turismo, o medio ambiente e, particularmente, a implicación da comunidade social, que poderán formularse en futuras xornadas sobre este mesmo tema.

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

**Prazo de inscrición: do 18 de maio ao 8 de xuño de 2015**  
A inscrición é gratuíta. Encher este formulario e enviálo por correo electrónico a: [museo.viladonga@xunta.es](mailto:museo.viladonga@xunta.es).

APELIDOS: .....

NOME: .....

DNI: ..... TELÉFONO: .....

ENDEREZO. RÚA: .....

NÚM.: ..... LOCALIDADE: .....

C. POSTAL: ..... PROVINCIA: .....

CORREO-E: .....

ÁMBITO PROFESIONAL (ocupación, titulación ou estudos):  
.....

DESEYO PRAZA NO AUTOBÚS PARA AS VISITAS DO DÍA 13  
(prazas limitadas ás primeiras 50 solicitudes)

SOLICITO O CRÉDITO DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Castro de Castromaior



**ORGANIZAN:**  
Museo do Castro de Viladonga,  
BIC Materiales y Conservación

**COLABORA:**  
USC. Vicerreitoría do Campus de Lugo. Facultade de Humanidades

**PATROCINA:**  
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Secretaría Xeral de Cultura.  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.  
Xunta de Galicia

**DATAS:**  
12, 13 e 15 de xuño de 2015

**LUGAR:**  
Día 12: Casa do Saber, Vicerreitoría da USC (praza de Pío XII, Lugo)  
Día 13: Visita ao castro de Castromaior (Portomarín)  
Día 15: Museo do Castro de Viladonga (N-640, km 70, Castro de Rei)

**DESTINATARIOS:**  
Conservadores-restauradores, arqueólogos, museólogos, xestores culturais, outros profesionais relacionados coa conservación e difusión do patrimonio cultural, estudantes de calquera materia afin e, ao cabo, calquera persoa interesada.

*A Universidade de Santiago de Compostela reconece un crédito de libre configuración ao seu alumnado (código RR 2015/20).  
Está solicitado un crédito ECTS*

# II XORNADAS SOBRE A CONSERVACIÓN EN CASTROS DO NOROESTE PENINSULAR

12, 13 e 15 de xuño de 2015

**Día 12:** Casa do Saber, Vicerreitoría da USC (praza de Pío XII, Lugo)  
**Día 13:** Visita ao castro de Castromaior (Portomarín)  
**Día 15:** Museo do Castro de Viladonga (N-640, km 70, Castro de Rei)

Inscricións:  
[www.castrodeviladonga.wordpress.com/xornadas](http://www.castrodeviladonga.wordpress.com/xornadas)  
[www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es)

Do 18 de maio ao 8 de xuño

**1 crédito** de libre configuración para alumnos da USC  
Solicitado **1 crédito ECTS**



## Venres 12 de xuño de 2015

9:00 h. Entrega de documentación.

9:30 h. Inauguración.

### 10:00 h. Conservación, estudio y difusión de los castros del Occidente de Asturias: el Plan Arqueológico Director de la Cuenca del Navia

► Ángel Villa Valdés, *arqueólogo, doutor en Historia, Museo Arqueológico de Asturias.*

Os castros do val do Navia constitúen o conxunto arqueolóxico ao ar libre máis popular de Asturias. Con esta intervención preténdese expoñer os avances obtidos durante este plan director, ademais de sinalar os problemas e dificultades que impediron a consecución de determinados obxectivos e valorar o impacto sobre os restos arqueolóxicos.

### 11:00 h. Intervenciones de restauración en castros asturianos: el Castro de Coaña y el poblado de El Chao de Samartín

► Luís Fco. López González *arqueólogo* e Miguel Ángel López Marcos *conservador-restaurador (Terra Arqueos)*

Son dous exemplos concretos de actuacións de restauración que complementan a exposición previa do Plan Arqueolóxico Director de la Cuenca del Navia. Cada intervención presenta problemas e solucións ben diferenciadas.

12:00 h. Pausa.

### 12:30 h. Visión general sobre la conservación de castros leoneses

► Jesús Celis Sánchez, *arqueólogo director do Instituto Leonés de Cultura, Deputación de León.*

Unha visión xeral da situación dos castros leoneses, atendendo as súas necesidades de conservación e uso público.

13:30 h. Rolda de preguntas.

14:00 h. Pausa para xantar.

### 16:30 h. Arqueoercina: puesta en valor y arqueología pública en un castro de la montaña oriental leonesa

► Antonio Abad Alonso, *conservador-restaurador*; Víctor Bejea García, *arqueólogo*; Eduardo González Gómez de Agüero, *arqueólogo*; Fernando Muñoz Villarejo, *arqueólogo e responsable de Talactor S.L.*

Un exemplo máis de intervención de posta en valor promovida pola comunidade local e polo concello para dar a coñecer o seu propio pasado. Proxecto integral dende a escavación, restauración e traballos de difusión e divulgación coa premisa de achegar a arqueoloxía á sociedade seguindo os parámetros do que se chama *public archaeology* (arqueoloxía pública).

### 17:30 h. O Monte Mozinho e os problemas decorrentes da conservación dos castros no noroeste de Portugal

► Francisco Reimão Quiroga, *arqueólogo D. Phil Univ. de Oxford, Professor Asociado da Univ. Fernando Pessoa, Porto.*

A diversidade de estruturas e solucións arquitectónicas e os materiais construtivos visible nos castros do norte de Portugal fai que cada proxecto de conservación e restauración sexa un momento de reflexión individualizada sobre as opcións máis axeitadas para cada sitio. Esta presentación abrangue os problemas metodolóxicos e circunstancias que se presentaron no proxecto de conservación e restauración do castro de Monte Mosinho, en Penafiel, Norte Portugal.

### 18:30 h. O castro de Elviña (A Coruña): Proxecto de Escavación e Restauración 2014

► Marco Antonio Rivas Nodar, *arqueólogo municipal do Concello da Coruña*; Fidel Méndez Fernández, *arqueólogo*; Begoña Albertos Figueroa, *arqueóloga e conservadora-restauradora*; Iria López Baltar, *conservadora-restauradora*; Comba Torre Castro, *conservadora-restauradora.*

Os obxectivos principais nas actuacións contidas no Proxecto de Escavación e Restauración do Castro de Elviña: Campaña 2014, son a escavación e consolidación das estruturas presentes no xacemento. Neste momento impónse, como liña de actuación básica, a necesidade de artellar un proceso de homoxenización da información das distintas campañas e, sobre todo, a execución dun acabado arqueolóxico das áreas escavadas. Todo isto permitirá converter o castro de Elviña nun dos recursos culturais máis importantes de Galicia.

19:30 h. Debate moderado por Felipe Arias Vilas.

## Sábado 13 de xuño de 2015

9:30 h. Xornada de visitas guiadas ao castro de Castromaior (Portomarín, Lugo), a cargo do persoal da empresa Terra Arqueos responsable dos traballos de restauración, e a outros castros da contorna.

## Luns 15 de xuño de 2015

10:00 h. Sesión práctica no Museo do Castro de Viladonga: elaboración de morteiro de cal e area. Descrición in situ da colocación de drenaxes e lousas de protección dos muros. A cargo da restauradora do museo e técnicos da empresa BIC Materiales y Conservación.

14:00 h. Pausa para xantar.

16:00 h. Sesión de posta en común de todo o visto nas xornadas e sesión de clausura.

16:30 h. Exposición por grupos dos traballos dos alumnos.

18:30 h. Pausa para café.

19:00-20:30 h. Mesa de debate sobre «A conservación nos castros do noroeste peninsular» coa participación dos ponentes, membros da empresa BIC e do Museo do Castro de Viladonga.



**MÁS INFORMACIÓN:**

[www.castrodeviladonga2013.wordpress.com/xornadas](http://www.castrodeviladonga2013.wordpress.com/xornadas)  
[www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es)